



A neve impide a celebración do Campionato Provincial de Ourense de Caza de Raposo, que se decide por sorteo

O pasado 10 de xaneiro dábanse cita no Tecor da Sociedade de Cazadores de Xinzo de Limia, as cuadrillas participantes do Campionato Provincial de Ourense de Caza de Raposo, organizado pola Federación Galega de Caza en Ourense en colaboración coa Sociedade de Cazadores de Xinzo de Limia.

Sen embargo, a neve e o xeo formado a causa do temporal e as baixas temperaturas dos últimos nos terreos onde se ia disputar a proba fixo imposible a celebración do campionato e, ante a inminencia do Campionato Galego a clasificación tivo que decidirse por sorteo. Así pois os tres primeiros clasificados foron os seguintes:

Pos.	Cuadrilla	Capturas
1º	Lamela-Silleda	s/c
2º	Raposeiros Melón	s/c
3º	Xinzo de Limia	s/c

Polo tanto a cuadrilla "Lamela" clasifícase para o vindeiro Campionato Galego de Caza de Raposo.